



2020-2021

# ADENDA NOFC



CEIP ROSALÍA DE CASTRO , O GROVE



Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

**C.E.I.P. “ Rosalía de Castro “**

R/ Rosalía de Castro, 22. Apdo 75 36980 O Grove - Pontevedra Tel.:886151434

e-mail: [ceip.rosalia.grove@edu.xunta.es](mailto:ceip.rosalia.grove@edu.xunta.es). Web: <http://www.edu.xunta.es/centros/ceiprosaliagrove/>

## ÍNDICE

2.2 ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE	2
3.2 ENTRADAS E SAÍDAS	3
3.4 RECREOS	4
3.5 PROCEDEMENTO A SEGUIR ANTE UN CASO COVID	5
3.8 TITORÍAS	8
3.10 ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS	9
3.12 HORARIO PROFESORADO ALUMNADO	9
4. ORGANIZACIÓN DOS ESPAZOS COMÚNS	9
6. AGRUPAMENTO DE ALUMNADO	11
9. CORRECCIÓN DAS CONDUCTAS CONTRARIAS ÁS NORMAS DE CONVIVENCIA (USO DE MÁSCARAS E AULA VIRTUAL).	12
10. SERVIZOS COMPLEMENTARIOS	14
12. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES	15



Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

C.E.I.P. “ Rosalía de Castro “

R/ Rosalía de Castro, 22. Apdo 75 36980 O Grove - Pontevedra Tel.:886151434

e-mail: [ceip.rosalia.grove@edu.xunta.es](mailto:ceip.rosalia.grove@edu.xunta.es). Web: <http://www.edu.xunta.es/centros/ceiprosaliagrove/>

As modificacións do Nofc no curso 2020/2021 veñen dadas , na maior parte dos casos, pola situación que estamos a vivir co Covid19

## 2.2 ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE

Este curso , por mor do Covid19, creouse o equipo Covid, coas seguintes funcións:

Coordinadora :

- Elaborar o “Plan de adaptación á situación COVID-19 no curso 2020/2021
- Coordinar o equipo Covid.
- Poñerse en contacto coa administración en caso de ser necesario.
- Comunicarse co centro de saúde, cando se precise.
- Comprobar os resultados das enquisas.
- Comunicarse coas familias.
- Vixiar o cumprimento das medidas de hixiene.

Membro 1:

- Elaborar o “Plan de adaptación á situación COVID-19 no curso 2020/2021
- Tomar nota do material que hai nas aulas para telo en conta á hora de repoñelo.
- Recoller a actualización de datos do alumnado, comprobando que estea debidamente cumprimentado. Farase os primeiros días de clase, xoves 11 e venres 12.

Membro 2:

- Elaborar o “Plan de adaptación á situación COVID-19 no curso 2020/2021
- Permanecer co alumno/a con sospeita de síntomas compatibles con



## Covid19

### 3.2 ENTRADAS E SAÍDAS

O centro dispón de catro entradas , dúas no patio de Rosalía , por onde efectúa a entrada o alumnado de E. Infantil, 5º e 6º curso; e outras dúas entradas polo patio de Conchases , por onde accede o alumnado de 1º e 2º, por unha das portas, e de 3º e 4º curso pola outra. Este curso as portas do centro abranse ás 8:45h e farase unha entrada escalonada segundo chegue o alumnado , de xeito que non se formen filas, ou en todo caso a espera sexa do menor número de alumnos/as posible , e sempre gardando a distancia de seguridade. En cada porta haberá un profesor controlando as entradas e proporcionando o xel ao alumnado. Os titores permanecerán dende as 8:45h nas aulas onde recibirán ao alumnado que previamente fixo o correcto lavado de mans no baño correspondente, baixo a vixilancia doutro mestre de garda.

No caso do alumnado de E. Infantil o alumnado poderá chegar ao centro acompañado dun familiar e agardar na súa porta de entrada. Por suposto deberán levar máscara. A hora de entrada será a seguinte: 6º de E.I. ás 9:00h, 5º de E.I. ás 9:15h, e 4º de E.I. ás 9:30h, agás no horario de adaptación, do que se informará previamente ás familias.

No resto dos niveis non se permite a entrada dos proxenitores no centro educativo e non poderán permanecer no recinto escolar.

Para a saída , e para que non conflúan rapaces de distintos cursos no recinto escolar, farase de forma escalonada:

- 13:40h: 4º E. Infantil (3 anos)
- 13:50h: 5º E. Infantil (4 anos), 1º, 3º e 5º E. Primaria
- 14:00h: 6º E. Infantil (5 anos), 2º, 4º e 6º E. Primaria

O alumnado de E. Infantil sairá polas portas da súa aula e o resto de alumnado pola porta pola que entraron. No momento de recoller aos nenos/as farase unha saída inmediata do centro, para evitar aglomeracións (só entraran no recinto escolar os pais/nais de E. Infantil e 1º e 2º curso)



O profesorado a quen corresponda a última hora lectiva previa á saída velará porque o material está recollido polo alumnado; e o alumnado preparado para saír ordenadamente e respectando a distancia de seguridade no horario establecido pola dirección de xeito que se eviten demoras.

Poderase flexibilizar o horario dentro da última hora lectiva, para o alumnado usuario do comedor. A porta habilitada para a entrada ao centro é a principal, situada no patio de Rosalía ( Rosalía 1). A porta de saída será a outra porta que dá ao patio de Rosalía (Rosalía 2). Hai indicadores sinalizando estas portas.

No chan tamén se puxeron unhas marcas de circulación que indican ao mesmo tempo a distancia de seguridade.

O público en xeral que non teña a condición de persoal do centro ou de alumnado unicamente poderá usar o aseo do profesorado , e avisará do seu uso para a posterior limpeza do mesmo.

Cando un proxenitor dun alumno/a de E. Infantil teña que vir ao centro para asealo , usará o baño do corredor de E. Infantil e despois do uso procederase a desinfectalo.

### 3.4 RECREOS

Ás 11:30h sairá ao patio de Rosalía o alumnado de 1º e 2º curso, e ao patio de Conchases o alumnado de 3º e 5º curso.

Ás 12:00h sairá ao patio de Rosalía o alumnado de E. Infantil , e ao patio de Conchases o alumnado de 4º e 6º.

En cada un dos patios haberá un espazo acoutado para cada grupo de convivencia.

Os días de choiva cada grupo permanecerá na súa aula.

Ao longo deste curso o alumnado non poderá facer uso da biblioteca escolar nos recreos.



As merendas tomaranse nas aulas nos cursos de infantil, 1º e 2º de educación primaria e nos patios a partir de 3º de educación primaria. As familias deberán cumprir o calendario no que tamén figurarán algunhas normas específicas por mor do COVI-19.

No noso PFPP unha das liñas de formación é patios dinámicos adaptados a covid-19. Polo que iremos incorporando diferentes xogos a medida que nos dean a formación.

### 3.5 PROCEDEMENTO A SEGUIR ANTE UN CASO COVID

Para iniciar o curso o equipo directivo encargouse de pedir o material necesario para comezar coas oportunas medidas de seguridade (papeleiras de pedal, dispensadores de xabón, dispensadores de papel, xel hidro alcohólico, desinfectantes, así coma máscaras para o persoal docente e non docente). Durante o curso será a secretaria ou a coordinadora do equipo covid as que fagan os pedidos segundo vaian demandando o profesorado, procurando sempre ter remanente para non quedarse sen o material necesario. O conserxe distribuirá o material polas aulas e baños.

Non asistirán ao centro aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan síntomas compatibles con COVID-19, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19, ou en período de corentena domiciliar por ter contacto estreito con algunha persoa diagnosticada de COVID-19. Tampouco acudirán ao centros as persoas en espera de resultado de PCR por sospeita clínica.

Diante dun suposto no que unha persoa ou alumno/a da que se sospeita que comeza a desenvolver síntomas compatibles con COVID-19 no centro educativo as medidas de prevención e control levaranse a cabo por parte do SERGAS en base ao documento técnico elaborado pola Ponencia de Alertas y Planes de Preparación y Respuesta: "Guía de actuación ante la aparición de casos de COVID-19 en centros educativos", en virtude da mesma: Levarase a un espazo separado de uso individual, colocáraselle unha máscara cirúrxica (tanto ao que iniciou síntomas como á persoa que quede ao seu coidado), e contactarase coa familia, no caso de afectar a alumnado. A persoa ou o seu titor deberán chamar



ao seu centro de saúde de Atención Primaria para solicitar consulta, ou ao teléfono de referencia do SERGAS e seguiranse as súas instrucións. En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061. O/A traballador/a que inicie síntomas debe abandonar o centro protexido por máscara cirúrxica, e logo de seguir as instrucións do centro de saúde ata que a súa situación médica sexa valorada por un profesional sanitario. De confirmarse o positivo, o equipo Covid do centro escolar comunicarao ao equipo Covid-escola do centro de saúde de referencia.

No suposto da aparición dun caso, ou dunha sospeita, de coronavirus nun centro educativo tanto sexa do alumnado, profesorado ou persoal do centro, a persoa coordinadora do equipo formado na COVID-19 incluírá na aplicación informática a información prevista do eventual afectado/a; os que teñan a consideración de contactos estreitos, os dos compañeiros/as afectados/as e do seu profesorado, así como de quen poida ser unha persoa próxima que estea vencellada ao centro educativo. A aplicación xerará unha alerta no Central de Seguimento de Contactos (CSC) quen se encargará da vixilancia evolutiva das persoas identificadas como contactos. Cando o fluxo de información proceda da autoridade sanitaria incorporárase a mesma información.

A familia dun neno ou nena con sospeita de contaxio, deberá solicitar unha consulta telefónica co seu pediatra para que este avalíe a necesidade de solicitude dunha proba diagnóstica.

Tras a aparición dun caso confirmado da Covid 19 seguiranse as instrucións da Autoridade Sanitaria.

### **Escenarios no suposto de abrochos**

A autoridade sanitaria, en función do número de contaxios, poderá ordenar a corentena dun grupo determinado de contactos estreitos do centro escolar, o peche dunha ou varias aulas, dun nivel educativo ou do centro educativo na súa totalidade de conformidade co previsto na "Guía de actuación ante la aparición de casos de COVID-19 en centros educativos", e co "Protocolo de actuación da Consellería de Sanidade en materia de Saúde Pública en relación con illamentos e corentenas para a prevención e control da infección por SARS-Co-V-2" publicada por Orde da Consellería de Sanidade no D.O.G. do 20 de agosto de 2020, cos seguintes supostos:



- ✓ Tendo en conta que segundo o criterio epidemiolóxico considerase contacto estreito a calquera alumno, ou profesional do centro educativo, profesor ou outro traballador que compartise espazo co caso confirmado a unha distancia < 2 metros ao redor do caso confirmado durante máis de 15 minutos sen utilizar a máscara os contactos serán determinados pola autoridade sanitaria segundo os protocolos vixentes en cada momento.
- ✓ As persoas que teñan a consideración de contactos estreitos da persoa cun diagnóstico confirmado (cunha obriga de illamento durante 10 días) deberán entrar en corentena, estando corentenados nos seus domicilios e suspenderán mentres dure este a ensinanza presencial polo un período de 14 días. O restante alumnado da aula que non teña a consideración de contacto estreito poderá continuar coa asistencia presencial á aula. Aos contactos estreitos realizaráselle unha proba de COVID nun prazo non superior a 48 horas para identificar ás persoas que teñan unha posible infección por COVID-19.
- ✓ En función da intensidade e virulencia do gromo, así como do número de persoas e niveis educativos afectados a Autoridade Sanitaria poderá acordar a medida de corentena da totalidade das persoas que conforman unha aula, das que conforman un nivel educativo completo onde teña xurdido o gromo ou, de ser o caso, da totalidade das persoas que integran un centro educativo. A medida será proposta pola Autoridade Sanitaria dentro do Grupo de Coordinación e Seguimento da Pandemia.
- ✓ A aparición dun contaxio sospeitoso con posterior confirmación é un suposto de declaración obrigatoria que implicará por parte da autoridade sanitaria a obriga de entrada en illamento de polo menos 10 días no caso da persoa enferma, e de entrada en corentena de 14 días a todas as persoas que teñan a consideración de contacto estreito de conformidade coas indicacións das autoridades sanitarias.
- ✓ A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación das normas previstas no presente protocolo relativas ao ensino a distancia.
- ✓ Finalizado o período de illamento das persoas que conforman unha aula, nivel educativo ou centro realizarase un proceso de retorno a actividade educativa ordinaria presencial. O Grupo de Coordinación e Seguimento da Pandemia determinará o momento a partir do cal se iniciará o retorno e as medidas específicas que sexa preciso adoptar e o comunicará ao centro.





Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

C.E.I.P. “ Rosalía de Castro “

R/ Rosalía de Castro, 22. Apdo 75 36980 O Grove - Pontevedra Tel.:886151434

e-mail: [ceip.rosalia.grove@edu.xunta.es](mailto:ceip.rosalia.grove@edu.xunta.es). Web: <http://www.edu.xunta.es/centros/ceiprosaliagrove/>

### 3.8 TITORÍAS

As titorías faranse ben dende o teléfono do centro ou por videochamada, e solicitarán a cita por Abalar ou nota a través dos nenos .

Se non fose posible por imposibilidade dos proxenitores e a reunión teña que ser presencial farano na aula Covid, tomando todas as medidas de seguridade (emprego de máscara, hixiene de mans e separación entre o proxenitor/a e titor/a ) e avisarase ao persoal de limpeza sobre a utilización dese espazo para que procedan á súa desinfección. Cando a xuntanza sexa presencial comunicaráselle con anterioridade ao equipo directivo.

A reunión de principio de curso realizarase de forma presencial, garantindo a distancia de seguridade. Os titores/as reuniranse cos proxenitores do seu grupo na hora asignada.

As familias informárase por varias vías:

- 1.- Páxina WEB do centro
- 2.- Abalar
- 3.- Videoconferencias
- 4.- Correo electrónico
- 5.- Chamadas telefónica
6. Outras APP

Será responsabilidade do/da titor/titora que todo o alumnado estea de “alta” na aplicación Abalar. Se por algún motivo algunha familia tivera dificultades coa aplicación podería pasar pola secretaría do centro, previa cita telefónica.



### 3.10 ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Neste curso non se realizarán eventos de forma presencial en gran grupo, en todo caso o poderían facer individualmente os grupos de convivencia. No caso de outro tipo de celebracións o alumnado interactuará con outros grupos a través de videochamadas , e tamén poderá realizar vídeos para que posteriormente os visualicen os seus compañeiros/as ( como poden ser obras de teatro, recitais de poesías, lecturas de manifestos...)

En canto ás actuacións no propio centro (magos, contacontos...) poderanse levar a cabo sempre que se respecten as medidas de seguridade.

As actividades complementarias coma magosto, Nadal, Entroido, adaptaranse para cumprir coas medidas oportunas.

Ao longo deste curso non se realizarán saídas escolares.

### 3.12 HORARIO PROFESORADO ALUMNADO

O artigo 27 da Constitución establece a obrigatoriedade da ensinanza básica e determina que integra o contido do dereito fundamental á educación. A situación actual non se pode utilizar coma pretexto para que o alumnado non asista ao centro. Haberá unha comisión provincial de seguimento ante posibles situación de absentismo coa finalidade de ditaminar a consideración das ausencias do alumnado con absentismo escolar aos efectos previstos na normativa e protocolo de referencia. En casos debidamente xustificadas (con informe médico) poderíase acceder a unha atención domiciliaria.

## 4. ORGANIZACIÓN DOS ESPAZOS COMÚNS

### 4.1 BIBLIOTECA

Ao longo deste curso o alumnado non visitará a biblioteca, será o profesorado o encargado de facilitarlles os libros aos nenos/as , que terán á súa disposición unha listaxe de lecturas recomendadas.

Este funcionamento estará recollido no Plan Xeral de Bibliotecas para o curso 2020/2021.



O material devolto deberá permanecer en caixas como mínimo catro horas antes de volver aos andeis.

#### 4.2 AULA DE INFORMÁTICA

O alumnado non acudirá á aula de informática para o seu uso como tal, senón que se asignará a cada grupo ordenadores para que o poidan empregar nas súas aulas. Queda por tanto restrinxido o seu uso para as clases de relixión ou valores, segundo o caso.

#### 4.3 ESPAZO CREATIVO

O alumnado non acudirá a esta aula, pero continuará coas actividades de formación pertinentes ( robótica, experimentos...) e os titores/as poden coller prestados os materiais deste espazo. Durante este curso queda habilitada como espazo Covid, onde irán os alumnos/as sospeitosos de caso covid.

#### 4.4 XIMNASIO

No caso da clase de educación física o uso da máscara será obrigatorio agás que se realicen no exterior, de maneira individual, a máis de 2 metros e que o uso da máscara resulte inadecuado ou imposibilite a práctica. Na medida do posible minimizarase o uso de materiais que teñan que ser usados por varios alumnos e procurando a súa limpeza e desinfección despois do seu uso ou a realización de hixiene de mans. Procurarase impartir a clase de E. Física no exterior e de ser no interior manterase o portalón do ximnasio aberto.

#### 4.5 NORMAS ESPAZOS COMÚNS E CAMBIO DE AULAS.

Na aula de música, nas aulas espaciais e no ximnasio é obrigatoria a hixiene de mans nas entradas e saídas das mesmas. O material que sexa compartido, de acordo coa metodoloxía propia de cada materia debe de ser desinfectado ao inicio da actividade e unha vez terminada a clase.

Implicarase ao alumnado na concienciación social que ten a limpeza dos elementos comúns de uso privativo. No caso da aula de música non se poden empregar instrumentos de vento porque a aula non ten o espazo suficiente para cumprir a medida de separación de tres metros entre o alumnado. Na medida do posible, mediante a asignación de grupos ou de horarios, a norma xeral é que o alumnado non cambiará de clase agás nos supostos excepcionais (aula de música, educación física, valores /relixión e aulas de PT é AL). Con carácter



xeral, o alumnado debe permanecer no seu sitio durante os cambios de clase. No caso de ter que trasladarse a outra aula, o profesor finalizará a súa clase 5 minutos antes de xeito que poida organizar a saída ordenada e paulatina do alumnado. A saída será ordenada e continua, de 1 en 1, deixando a distancia de seguridade. Agardarán polo/a profesor/a á entrada da nova aula en ringleira de 1 gardando a distancia de seguridade, evitándose a formación de aglomeracións de alumnado.

Se houbera outro grupo na nova aula; agardarase a que saia por completo o grupo anterior antes de entrar. Entrarase gardando a distancia evitando que se formen agrupacións de alumnado durante a espera, ventilarse a aula e o grupo entrante hixienizará mans, mesas e cadeiras.

## 6. AGRUPAMENTO DE ALUMNADO

### Educación Infantil

As aulas son de 25 alumnos/as polo que dispoñemos de 5 grupos. Reducirase o traballo de mesa simultáneo de gran grupo, e dicir traballarán 3 grupos nas mesas e dous nos recantos e irase rotando

Iniciaremos a xornada coa asemblea e con accións nas que se traballe a lembranza de normas de hixiene e a concienciación do alumnado coa pandemia. Para levalo a cabo os alumnos/as estarán sentados nos seus grupos correspondentes.

**Nos recantos** (ambientes) garantirase a desinfección posterior ao seu uso, tanto do espazo e como dos materiais. Estes materiais non serán de moitas pezas e serán de fácil desinfección.

**Uso de baños:** En canto ao uso dos baños de E. Infantil procederase á súa desinfección cun pano de papel cun produto viricida. Usarase o baño do corredor para que os proxenitores poidan cambiar aos nenos/as cando sexa necesario. A maiores realizarase a desinfección completa dúas veces ao longo da mañá, como indica o protocolo..

**Uso de material:** cada neno/a terá o seu propio taper coas pinturas e o resto de material ( pinceis, tesoiras, plastelinas ) tamén será individual e o encargado de repartilo é o titor.



Sempre que sexa posible usarase máscara, e terán que traer unha funda de tela para gardala.

Os nenos/as terán un **polar** para saír ao exterior ou ter en clase cando faga frío por estar as fiestras abertas.

### 🚦 Educación Primaria (1º e 2º nivel ) :

**Metodoloxía :** nas dúas clases de primeiro os alumnos permanecerán en grupos de 4 e de 5. Tratarase de potenciar a aprendizaxe cooperativa, adaptando as dinámicas e estruturas á situación actual.

**Uso de material:** o material será individual e o terán nas súa mesas. Todo o material didáctico e manipulativo que se comparta se desinfectará posteriormente.

**Uso de baños:** o primeiro ciclo dispón de 3 baños polo que cada grupo utilizará o seu.

### 🚦 Educación Primaria (3º,4º, 5º E 6º):

Considéranse grupos estables de convivencia, e a distribución nas mesas dependerá do número de alumnado, podendo establecerse subgrupos dentro do grupo estable.

## 9. CORRECCIÓN DAS CONDUCTAS CONTRARIAS ÁS NORMAS DE CONVIVENCIA (USO DE MÁSCARAS E AULA VIRTUAL).

### 9.2 NORMAS DE CONVIVENCIA NO CENTRO

#### Alumnado:

- O uso de máscara será obrigatorio.
- A partir do 3º curso o alumnado terá que conectarse ás clases virtuais que figuran nos seus “horario espello” e participar de xeito similar ás clases presenciais, seguindo as ordes do seu titor/a ou mestre especialista.



- Durante as videoconferencias non está permitido utilizar o chat para intercambiar mensaxes cos compañeiros/as , salvo se o autoriza o mestre/a.

### **Profesorado:**

- Programar e proporcionar ao alumnado as actividades a seguir nun caso de confinamento parcial ou total.
- Comunicar calquera incidencia co uso da aula virtual ou E-dixgal.
- Comunicar o número de familias que teñen problemas coa conexión a internet, ou non dispoñan de ordenador na casa.
- Vixiarán o lavado de mans e o bo uso do xel hidroalcohólico.
- Controlar a asistencia dos alumnos/as no caso das clases non presenciais.

### **Familias:**

- Coidar que o alumnado acuda a clase con dúas máscaras, unha posta e outra de reposto.
- Cubrir a enquisa facilitada a principio de curso sobre posible sintomatoloxía covid e avisar ao centro en caso de que o seu fillo/a non poida acudir ao centro, así como a declaración responsable.
- Non entrar no recinto escolar (salvo en E. Infantil, 1º e 2º de E. Primaria, ou ben xustificando dita entrada).

## 9.6 CLASES DE CONDUCTA CONTRARIAS Á CONVIVENCIA

As faltas de respecto entre o alumnado ou profesorado , no uso da aula virtual/E-dixgal (mensaxes ofensivas, de burla..) serán consideradas falta leve ou grave segundo o caso.

A ausencia de máscara ou mal uso da mesma considerarase falta leve.

Considerarase falta grave as capturas de pantalla ou gravacións durante as clases , así como suplantar a identidade de compañeiros/as no servizo de mensaxería da aula virtual.



Se se incumpre calquera destas normas seguirase o procedemento corrector correspondente ( Punto 9.7 do Nofc).

## 10. SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

### **COMEDOR**

Hai 70 reservas de matrícula para o uso do comedor, distribuídas da seguinte maneira

- **1ª Quenda Formada por:** El 4º, El 5º, El 6º e 1º Ed primaria
- **2ª Quenda formada por :** 2º , 3º, 4º, 5º e 6º de Ed primaria

Os espazos a utilizar son:

- O pavillón como zona de descanso e espera á quenda de cada grupo,
- O patio de xogo/lectura, delimitando zonas para os distintos grupos. Sempre baixo a supervisión do monitor asignado.
- As propias instalacións do comedor.

No caso de El os alumnos e alumnas deben esperar nas súas aulas a que a monitora ( sempre será a mesma) para acompañalos ata a súa mesa no comedor, será esta quen se encargue dos seus coidados tanto no tempo de comer como no tempo de lecer, ata a hora da saída.

Os titores/as encargados de recoller os nenos esperarán na porta a hora acordada e serán os monitores quen os acompañen a saída.

Entrarán ao comedor previa desinfección de mans con xel hidro alcohólico, sentarán na cadeira asignada para cada un co seu nome e estarán acompañados na mesa unicamente polos rapaces da súa mesma aula. Esperarán a que todo o grupo remate de comer para dirixirse ca súa monitora o espazo de aseo, lectura ou xogo segundo corresponda.



Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

**C.E.I.P. “ Rosalía de Castro “**

R/ Rosalía de Castro, 22. Apdo 75 36980 O Grove - Pontevedra Tel.:886151434

e-mail: [ceip.rosalia.grove@edu.xunta.es](mailto:ceip.rosalia.grove@edu.xunta.es). Web: <http://www.edu.xunta.es/centros/ceiprosaliagrove/>

## 12. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

Ao longo deste curso non se levarán a cabo actividades extraescolares.